



RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS.

O 18 de febreiro de 2016, iniciouse o expediente dos contratos de concesión dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra, incorporándose os informes preceptivos, procedéndose á exposición pública do proxecto así como do prego de condicións sen que se formulasen alegacións. Así mesmo, aprobouse o expediente e os pregos que rexen as concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra. Con data 16 de xuño de 2016 publicouse no BOP a apertura do prazo para presentar solicitudes de participación dende o 7 de xuño ata o 31 de outubro de 2016 (ambos incluídos).

O día 23 de decembro de 2016, a mesa de contratación das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra formulou a proposta de adxudicación provisional das concesións dos nichos destes cemiterios de conformidade co informe-proposta do administrador dos cemiterios do día 20 de decembro de 2016.

De conformidade co prego que rexe estas concesións, aprobouse por esta Concelleira a proposta de adxudicación das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra, que se publicou na páxina web do Concello de Pontevedra e no taboleiro de anuncios durante un prazo de 15 días hábiles. Na resolución fixéronse constar os participantes excluídos cos motivos da exclusión.

Nesta última resolución citada, de conformidade cos pregos, acordouse requirir aos propostos adxudicatarios para que nun prazo non superior a 15 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web (www.pontevedra.eu) e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra realicen as actuacións e acheguen a documentación que se indicaba: xustificante do pagamento das taxas por adxudicación das concesións dos nichos, ademais da documentación acreditativa de estar ao corrente coa Axencia Tributaria e da Seguridade Social. Para os efectos de acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social esixíase os solicitantes que achegasen un certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativa de que están ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, respectivamente. O Concello verificará de oficio que se está ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Pontevedra.

Na devandita resolución advertíase que os que non realicen as actuacións ou non cumprisen cos requisitos fixados nos pregos das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra, en particular que non estean ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, entenderanse que retiran a súa solicitude deste procedemento de adxudicación.

Por outra banda, os que resulten propostos adxudicatarios, deberán achegar, nun prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación da proposta de adxudicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, a documentación que se precisa no artigo 10.b) dos pregos de concesións dos nichos.

Dos propostos como adxudicatarios só algúns cumpriron coas obrigas que se impoñían no prego de condicións de realizar as actuacións e facer as achegas expostas, que se mencionaron na resolución pola que se aprobou a proposta de adxudicación. En consecuencia, só os que cumpriron con estas actuacións e cumpren cos requisitos dos pregos poden ser adxudicatarios destas concesións.

A competencia para o outorgamento ou adxudicación das concesións é da Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado terceiro da disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e no artigo 21.d do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra. Esta competencia foi delegada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2015, na concelleira de Educación, Igualdade e Servizos Sociais, dona María Carme Fouces Díaz.

A vista do cal, e de conformidade coa delegación efectuada pola Xunta de Goberno de data 13 de xuño de 2015, **RESOLVO:**





PRIMEIRO.- Adxudicar a favor das persoas que a continuación se indican as concesións dos nichos dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio que se precisan a continuación con arranxo as condicións que figuran no punto segundo deste acordo:

Cemiterio municipal de San Amaro:

- Concesións dun nicho:

N.º	DNI	Nome e apelidos	Zona	Rúa	Números	Filas
1	77.402.376-Q	Consuelo Soliño Souto	42	H	71	4ª
2	44.077.334-L	M.ª Ángeles Pintos Campos	42	H	5	1ª
3	76.814.365-T	Plácido Cachafeiro Rey	42	H	50	3ª
4	34.101.702-Q	Amaya Suso Echeverría	42	H	72	4ª
5	06.931.195-F	Francisca Trujillo Santano	42	H	27	2ª
6	35.252.894-N	M.ª Pilar Sánchez Trallero	42	H	28	2ª
7	35.228.661-K	Albina Vidal Docampo	42	H	51	3ª
8	33.608.358-E	Josefa Varela Lorenzo	42	H	6	1ª
9	35.238.770-X	Josefa Tilve Cobas	42	H	29	2ª
10	35.223.993-E	Antonio Berengua Mosquera	42	H	52	3ª

- Concesións dous nichos:

N.º	DNI	Nome e apelidos	Zona	Rúa	Números	Filas
1	35.198.052-W	Horacio Barreiro Garrido	44	H	60-88	3ª-4ª
2	35.178.712-M	Agustín López Rodríguez	48	I	10-38	1ª-2ª
3	11.539.778-B	Juan José Tuda Santos	48	I	67-95	3ª-4ª
4	76.821.584-C	M.ª Teresa García Sieiro	48	I	13-41	1ª-2ª
5	35.175.251-V	Raimundo Guzmán Moreira	44	H	19-47	1ª-2ª
6	33.274.001-Q	Albino Salazar Díaz	48	I	15-43	1ª-2ª
7	77.546.708-T	Reyes Salazar Salazar	48	I	71-99	3ª-4ª
8	35.322.599-G	María Vázquez Hernández	48	I	72-100	3ª-4ª
9	35.235.150-R	José Vázquez Domínguez	48	I	17-45	1ª-2ª

- Concesións catro nichos:

N.º	DNI	Nome e apelidos	Zona	Rúa	Números	Filas
1	34.375.197-H	Julita Araújo Lorenzo	45	H	19-47-75-103	1ª-2ª-3ª-4ª
2	35.221.187-E	Otilia Carballa Soto	47	I	5-33-61-89	1ª-2ª-3ª-4ª

Cemiterio municipal de Pontesampaio:

- Concesións dun nicho:

N.º	DNI	Nome e apelidos	Zona	Números	Filas
1	35.188.272-C	Alejandra Torres Landeiro	4ª	7	1ª

- Concesións catro nichos:

N.º	DNI	Nome e apelidos	Zona	Números	Filas
1	36.049.115-L	Jesús Manuel Rodríguez Vieites	4ª	6-30-54-78	1ª-2ª-3ª-4ª



CONCELLO DE
PONTEVEDRA





SEGUNDO.- As presentes concesións adxudícanse con arranxo ás seguintes condicións:

- a) Os nichos que son obxecto desta concesión destinaranse unicamente ao enterramento de persoas falecidas.
- b) O réxime económico ao que se suxeita a concesión é ao pago das taxas, tributos e demais gastos que deberá facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta concesión.
- c) O concesionario asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben obxecto de concesión segundo a súa natureza e entregar, á extinción da concesión, os nichos en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta concesión.
- d) O concesionario asumirá o compromiso da previa obtención, a súa costa, de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.
- e) A responsabilidade derivada da ocupación do nicho será asumida integramente polo concesionario.
- f) O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar o nicho obxecto de concesión para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da concesión.
- g) O prazo de duración das concesións será de **75 anos** a contar desde a data de formalización do contrato de concesión demanial. Este prazo terá un carácter improrrogable.
- h) Calquera cesión que se realice ou negocio similar require previa autorización municipal.
- i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 23 do prego de condicións desta concesión demanial.
- j) A presente concesión rexeráse polo disposto no prego de condicións das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio en Pontevedra aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar o día 11 de abril de 2016, e no non previsto nese prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; TRLCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e RD Lex. 781/86, do 18 de abril, Decreto 134/1998, do 23 de abril, polo que se aproba o regulamento de policía sanitaria mortuoria da Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 2263/1974, do 20 de xullo, de policía sanitaria mortuoria, ordenanzas fiscais sobre cemiterios vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

TERCEIRO.- Xa foron excluídos deste procedemento de adxudicación os seguintes solicitantes que se relacionan a continuación, polos motivos seguintes:

1. Por non presentar a solicitude de participación en prazo, exclúense deste procedemento a:
Dona Rosa Fariña Barro
Don Carlos Cagiao Novo

CUARTO.- Considerar que retiran a súa solicitude de adxudicación:

1. Por non achegar a documentación requirida ás persoas propostas como adxudicatarias (pagamento das taxas por adxudicación das concesións dos nichos, achegar o xustificante de ter aboado as taxas polas concesións dos nichos e a documentación acreditativa de ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social), aos seguintes solicitantes que se relacionan a continuación:





Cemiterio municipal de San Amaro:

• Solicitudes dun nicho:

N.º	NIF	NOME E APELIDOS
1	35.213.184-T	Clara Carrasco García
2	35.206.191-E	Carmen Rodríguez de la Torre
3	42.946.148-L	Manuela Couso Rodríguez
4	35.219.756-V	María Piñeiro Cochón

• Solicitudes de dous nichos:

N.º	NIF	NOME E APELIDOS
1	35.223.531-C	Esther Bugallo Bértola
2	35.293.319-A	Bernardo Sartier Boubeta
3	35.379.085-W	Ovidio Garcia Lois
4	26.417.114-G	Segundo Cabrera Sáez

• Solicitudes de catro nichos:

N.º	NIF	NOME E APELIDOS
1	35.280.693-G	Juan Carlos Pastoriza Soto
2	52.931.827-H	M. ^a Luisa Silva Gabarri

QUINTO.- Requirir aos adxudicatarios para que procedan nun prazo de quince días hábiles a contar a partir do día seguinte á notificación da presente resolución á formalización das concesións en documento administrativo, debendo persoarse a estes efectos no Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra (Oficinas do Teatro Principal, Rúa Don Filiberto, s/n, 3º andar, 36071 Pontevedra).

